



OLIMPIÁDA MATEMÁTICA
GALEGA 2024

(Coloca aquí a etiqueta
identificadora)


FASE de ZONA

PROBLEMA 1

Cinco localidades A, B, C, D e E, encóntranse situadas ao longo dunha estrada, aínda que non necesariamente nesta orde. As distancias entre elas, en quilómetros, veñen reflectidas na seguinte táboa:


	A	B	C	D	E
A	0	3	3	1	6
B	3	0	6	2	3
C	3	6	0	4	9
D	1	2	4	0	5
E	6	3	9	5	0

- Xustifica en que orde se encontran estas localidades ao longo da estrada.
- Elabora unha táboa de distancias como a do enunciado anterior, pero esta vez ordenada, entre as localidades de Lugo, Palas, Melide, Arzúa e Santiago sabendo que se atopan por esta orde ao longo da N-547 e que as distancias de Lugo ao resto de localidades son 37km, 51km, 66km e 100km respectivamente.

 <p>AGAPEMA</p>	<p>OLIMPÍADA MATEMÁTICA GALEGA 2024</p> <p>FASE de ZONA</p>	<p>(Coloca aquí a etiqueta identificadora)</p>
--	--	--

PROBLEMA 2

- a) Cal é o número máis grande de tres cifras que verifique os criterios de divisibilidade do 4 e do 11?
- b) Cal é o número máis pequeno de catro cifras divisible por 6 e por 7?
- c) Cal é o número máis pequeno de cinco cifras divisible por 6 e por 9?

 AGAPEMA	OLIMPÍADA MATEMÁTICA GALEGA 2024 FASE de ZONA	(Coloca aquí a etiqueta identificadora)
--	--	--

PROBLEMA 3

Para as vindeiras festas de San Froilán, Anxo está pensando en traer un novo carrusel e xa está no proceso de deseño.

Despois de falar co concello e coa empresa que lle constrúe a atracción, déronlle os seguintes datos:

- Na feira conta cunha parcela cadrada de 400 m^2 .
- A base do carrusel é un círculo perfecto, que ocupará a porción máxima da parcela.
- Terá dúas filas de cabaliños (circulares), separadas entre elas 3 m.
- A distancia da fila exterior de cabaliños co exterior do carrusel tamén son 3 m.
- Cada cabaliño mide 1,5 m de largo.
- A separación entre cabaliños ten que ser de 1 m.

Cantos cabaliños pode ter, como máximo, o carrusel de Anxo?



OLIMPIADA MATEMÁTICA
GALEGA 2024

(Coloca aquí a etiqueta
identificadora)

FASE de ZONA

PROBLEMA 4

A célebre parella formada por David e Victoria Beckham ten 4 fillos e fillas.

- O maior, ten a metade dos anos do seu pai.
- A máis pequena, a cuarta parte.
- A suma das idades dos dous fillos medianos, que se levan dous anos, é a mesma que a idade do pai hai 10 anos.
- O número de anos que ten a filla pequena é o primeiro número de dúas cifras con 6 divisores.
- Victoria lévalle un ano a David.

Deduce cantos anos ten cada membro da familia.



OLIMPÍADA MATEMÁTICA
GALEGA 2024

(Coloca aquí a etiqueta
identificadora)

FASE de ZONA

PROBLEMA 5

O Club Baloncesto Ensino precisa unha nova xogadora para o equipo e contan coas seguintes candidatas, para as que anotaron estes datos incompletos:

XOGADORA A

PARTIDO	TEMPO DE XOGO (minutos)	TIROS LIBRES (1 punto)	CANASTRAS (2 puntos)	TRIPLAS (3 puntos)
1	30	2	4	3
2	25	1	2	3
3	20	5	2	0
4	30	3		4
5	24	5	4	1

XOGADORA B

PARTIDO	TEMPO DE XOGO (minutos)	TIROS LIBRES (1 punto)	CANASTRAS (2 puntos)	TRIPLAS (3 puntos)
1	15	2	2	0
2	20	4	2	0
3	25	4	5	2
4	30	3	3	
5	32	6	3	3

- Sabendo que a Xogadora A anotou 27 puntos no partido 4, calcula cantas canastras de 2 anotou.
- Sabendo que a Xogadora B promediou 15,2 puntos nos 5 partidos, calcula cantas triplas anotou no partido 4.
- Xustifica cal das dúas sería a mellor fichaxe para o Ensino.